

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**n**on son hostil

só

mexo por min

e digo que chovo

Compostela, Dado-dadá

filo-café a tres de outubro

Superando os problemas para  
comunicar

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Cómeme ese todo

que ves

e non ves

cando cho pido

cómeme ese mel

dos beizos

docemente

antes e agora

doído

actualmente

fóra de tentativas

un ser(v)io-lento

Un día xa pasado dun ano esquecido. Na cociña, unha tarde na que calquera cousa puido ter acontecido, pero que non pasou nada e todo foron risas. Logo marchei, outros permaneceron e cambiamos de tema. Mais daquela, do que puido quedar, aínda lembramos o momento. Non nos esquecemos de sorrir.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

### **‘inútiles na praia de Caranza’**

ferrol

la cope

*usté dirá*

señora visiblemente afectada

-non por vela que está na radio

nunha conexión telefónica

e tan só se escoita-

*quisiera dicir que muy mal la playa de Caranza*

*porque con esas pendientes*

*los inútiles no pueden bajar*

real como a vida mesma

*discapacitados*

pódese escoitar de fondo

pero o éxtase de sentirse o centro da atención

pode coa señora que repite

*los inútiles no pueden bajar*

*a la playa de Caranza*

un caso coñecido

## Un poema de situación

Alberte Momãñ  
pode que o dun veciño que...

*muchas gracias, señora, por su queja*

un asubío final

a comunicación córtase

anuncios

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**p**ariu ao pai

que agardaba na antesala

un cago na puta

ostentoso

de máis

para un sitio pechado coma aquel

volvéronse

os que alí estaban

mostrando reprobación

e fíxose o silencio

logo veu un santo tras doutro

murmurado

como cantados por un alto cargo

do estamento eclesiástico

de non ser inventados

segundo o seu dominio da improvisación

Ile inducía

e a ex-preñada lamentouse

movendo a cabeza

Repetida de pais a fillos dende  
setembro do 1976

Alberte Momãñ

chorei

un pouco

cando souben que a familia

franco-prusiana do terceiro

non era franco-prusiana

sobre todo despois de ser eles

conscientes

de que o feito de selo

non os facía máis *glamurosos*

eu era novo e inconsciente

pero doeume como o día

das miñas primeiras purgacións

supoño

que por non manter o segredo

esa escura complicidade

que nos unía no claro escuro da escaleira

en silencio

ollándonos de esguello

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

e murmurando un *bos días*

confundido polo eco das paredes

máis tarde souben que o exército prusiano

perseguira aos comunistas en Berlín

e outras cidades alemanas alí polo mil novecentos dezaioito

e sen que gardase relación algunha

odieinos

até que decidín mudarme

Os feitos son tantas veces relevantes a causa tan só do  
inconsciente efecto da inocencia, que renegando dela  
corroémonos de rabia por non poder controlar os nosos  
sentimentos.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

ollando o rostro

en lingua estranxeira

non puiden evitar excitarme

indefensa

-pensaba-

tan só baixo o amparo da miña man

nova

voluble

inconstante

debía obrigarme a pensar

continuamente

no motivo da súa presenza

*non ten chaves da casa*

*non ten chaves da casa*

vivía no primeiro

xunto á súa irmá vida do Brasil

e un fato de homes de

sospeitosa procedencia



## Un poema de situación

Alberte Momãñ

e no meu afãñ de buscar a aventura

convideina a pasar

coa esperanza dunha onírica ausencia eterna

da súa irmá

e as chaves da casa

leveina á sala de estar

mirábao todo

sen comprender

logo abriu a pequena caixiña de tabaco

e descubriu

*maría*

fumamos

até que simulou un vaído

e quixo marchar

na miña sutil excitación

funlle abrindo as portas todas

e foise

Lugo 2003

Chovía un pouco.  
Non agardaba aos meus compañeiros de piso até ben entrada a  
noite.  
Caín na conta de que un obxecto diferente decoraba as escaleiras.  
Era exótico, diverso do xa visto até entón e leveino para casa.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

apertando os dentes

por un odio desmesurado contra a esperanza

que fai finar o valor dos fortes

xustificando aos febles

por atopar un ansia que fica nun máis aló

eu son dos que procuran un fin

escatolóxico

para a misericordia

para esa eterna confianza dos pobres

dos que non saben dunha man sobre outra

levando cara o fin da corda tensa

hoxe

non creo máis que nos meus actos

como pasos firmes

sobre asfalto

Na impuntualidade cotiá un dá en pensar mentres agarda, esperando que algún día se lle ocorra ao mundo chegar á súa hora.  
Con esa esperanza e pasado o tempo, un reconduce as súas reflexións cara o odio a ese inmovilismo cruel que nos deixa mollados na espera longa da esperanza eterna.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

### Compendio

nun improprio tan só

breve e vulgar

como foder pagando por horas

toda a miña expresividade

repetida

inconscientemente

até o asolagamento

logo

visiblemente arrepenido

busco o silencio agochando a ollada

onde considero o lugar máis insospeitado

mentres sinto o rostro quecer

para morrer un pouco

nos segundos interminables

da miña tortura

apertando o esquecemento

soño que son outro

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

gústanme as sabas quentes

da secadora

*desexarías vivir comigo?*

con esa electricidade estática

que se adhire a elas

mentres se van arrefriando polo contacto

co calor do corpo

*teríamos sabas quentes co magnetismo*

*da ausencia de sentimento entre ambos*

*xuntos*

*por quen sabe canto tempo*

*e sen importarnos*

*tan só por vivir*

*ese momento*

*xuntos*

O egoísmo dun sentimento entre sabas quentes, no que o desexo é temporal e efémero, para perderse logo na satisfacción dun descanso, merecido ou non, abalado polo elemento que forneceu o soño.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Sorriso e bágoas

tres cuartos de día

de merda

logo

correr cun caldeiro

polas rúas

para recoller o bucólico

do que supón vivir

como nos mellores tempos de *Heidi*

traballar

Procurar nos restos duns folgos desaparecidos, case, un sorriso verdadeiro, complementario a un traballo posiblemente infructuoso. Mais, nunca un chega a estar certo de todo e suspira, con calma, antes de ollar de fronte á inocencia do mundo e sorrir.

Alberte Momãñ

**‘ghalpón azul’**

no verdeazulado

comen deitados os argazos

as verciñas que o mar pasea

até a costa

o *run run* das ondas

por baixo das *motos d’auga*

fan o resto

así chega o costume con sabor a actualidade

e todos morremos un pouco

sen darnos conta

Houbo un tempo no que, malia ser consciente da imposibilidade do feito, cría que a trescentos metros alén da miña morte atoparía un *ghalpón* azul canda o mar, dende o que poder divisar a superficie dun océano calmo cegándome co verdeazul reflectido da súa superficie.

Malia o ilegal da construción, eu durmía despreocupado, consciente de que ningunha administración mandaría un *buldozer* a perturbar o meu descanso.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**‘que animal é o vehícalo’**

todas as mañás o *vehícalo*

canta

*pi pi*

cagho na cona que o fundou

Dende sempre, tentei imaxinar como deberían ser os contos *paraeducativos* para *paranenos*. Con todas as súas compoñentes: mensaxe corolaria, personaxes de ficción personificados, pero iso si, baixo un falso nome, porque doutro xeito a mensaxe faríase demasiado evidente e perdería forza. En fin, consideracións a parte, dou en pensar en propostas cargadas dunha forte compoñente de realidade e cun final en suspenso, por iso da emoción.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

### **‘nos suburbios da logopedia’**

Éme imposible falar

máis claro

gardo pedras nos petos

cando non me entendes

logo decátome do seu peso

e vounas deitando

pola estrada

procurando que me odies

Celebro que me fales  
                                  á noite  
amodo vou quedando en silencio  
escoitando  
liberándome do peso de falar  
e perderme en palabras



Alberte Momãñ

Estou certo de que os meus veciños non comprenden a obsesiva  
necesidade que me leva a lavar os dentes na terraza, con esa mestura  
esponxosa de baba e dentífrico asomando pola comisura dos beizos.  
Non o entenden, como eu non entendo a súa necesidade de ocultación de  
todo canto os relaciona co mundo, exceptuando os coches e os aparellos  
de alta tecnoloxía.

**pobre incauto**

esa moza non é para ti

*demasiado alto*

*cala e succiona*

olla como chove miudiño

polas cabezas descubertas

de quen camiña

*detente a escoitar*

*apenas*

*as gotas de auga*

*a soas*

## Un poema de situación

Albete Momãñ

*impacto*

na súa inocencia

baba o peito dereito da nai

que o acolle nos seus brazos

*pinghas*

*langrán*

*pasa para dentro*

*e vaite lavar*

Alberte Momãñ

as confabulacións do mundo son

sistémicas

e doen

malia o disimular

dunha cervexa esganada na gorxa

‘Deixei de ver a televisión e sobre todo os informativos porque con horror decateime de que *El Gran Hermano* é menos faccioso, e non soporto por máis tempo que os *tertulianos*, que deberían dar calquera sinal de luz intelectual, sexan xente como Pippo Baudo’

A. L.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Capto os aromas de muller

que agroman pola fiestra

e dito a súa personalidade

ao meu subconsciente

logo

amo

sen pretensións

Amo o arrecendo, os aromas a muller. Tantas son as veces que me deteño nas rúas a ulir, clasificando a súa procedencia segundo vexa un sorriso, unha bágoa ou un finxido hábito de seguridade.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**Razoo**

obcecado nos dous dedos de fronte

compilo sistematicamente

os argumentos que han de sosterme

nun futuro

logo caio

deitado

son incapaz de ver máis aló

da miña man fronte ao rostro

Camiño polas rúas pensando en quen sabe cantas cousas, até que descubro con sorpresa que os vehículos son apenas quen de esquivarme e dinme que non semello de cidade, lémbrense de xeito horrible da miña familia.

Unha vez esperto, procuro desesperadamente fixar a ollada nalgún obxecto, albergando a vaga esperanza de volver ás miñas cavilacións, pero só vexo enormes cristaleiras e xente que pensa igual ca min, buscando unha prenda na que fixar a atención.

Sen máis, sigo traxectoria aumentando paulatinamente a velocidade, esquivando todo canto se cruza no meu camiño. Tan só desexo saír das rúas sen contaminarme do mundo e os seus obxectos preciosos agachados na parte traseira das tendas.

Alberte Momãñ

Cómoas moi axiña e síntome

mellor

máis tarde

aos poucos

vou recoñecendo a sensación de fame

que se nutre do meu estómago

e fico pensando

moito tempo

Saben o ridículo que resulta dicir sen pensar, fronte a encargada da froitería, que me gustan as *peras duras*.  
Saltándose o que se mostra obvio na miña sentenza, aflora nela un sentimento, oculto mais non en todo momento, de machismo case visceral, e contesta:  
-Están buenas, chico, no te preocupes. Tú pruébalas y si no te gustan, cambias, que tenemos esta semana la *blanquilla* de oferta.

Alberte Momãñ

Un compendio de sabores

aromas diversos

mesturados

suor

como unha vinganza trémula

nas carnes

na gorxa

na lingua forzada

sobre eses outros beizos

teus

principalmente

eléctricos

Indescribable perversión, afondada no pracer. Unha e outra vez, repetida mil veces e malia todo, sempre diversa.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

*Il n'y a plus ni rouge ni bleu.  
Le rouge-bleu unanime s'efface  
à son toursomme un roug-gorge  
dans les haies de l'inattention.*

*'La forêt dans la hache' André Bretón*

Vivo tristemente a mestura  
dun vermello e un azul unánimes

habito tristemente  
no centro máis obvio do embigo  
na pel pregada do asumido  
inconscientemente

co que doe!  
tristemente

*On vient de mourir –ni toi, ni noi,  
ni eux exactement mais nous tou,  
sauf moi qui survis de plusieurs façons:  
j'ai encore froid, par exemple*

*'La forêt dans la hache' André Bretón*



## Un poema de situación

Albarte Momãñ

*Canto máis volvo sobre os meus pasos,  
máis os meus pasos volven tamén,  
pero non sei exactamente sobre que volven.*

*André Bretón*

**q**ue fermosas paralelas

vibran na perpendicular

dese inferno secante

mais aló veñen

co leite con galletas preparado

e unha toalla

para secar as bágoas de temporal

nas meixelas

Cando chove recupero os anos pertencentes a unha filmografía esquecida no po dun andel.

Cando chove soño tamén que non foron meus os anos pasados, e deste xeito podo aprecialos, novamente, con máis intensidade, incluso, fágome quen de sabelos certamente meus.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**d**aba en laiarse

moito

sucumbindo a cada paso

á herexía

logo calaba

e no silencio

un murmurio de dentes fregándose

autoconsumíndose

como a revolución

Había días en que odiaba o mundo de xeito evidente, berrando pola máis mínima imperfección e repetindo que estaba do imperialismo até o carallo, mais só cando levaba os calzóns de *Mikey Mouse*

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Vou máis aló do futuro

con palabras sinxelas

tiradas da gorxa

como un suspiro

hoxe a existencia

ten outro xeito de ollar

ausente

pero firmemente

sobre os obxectos

dominando todas as perspectivas

como nun soño

que non se durme

Cando con firmeza apreixamos a existencia para facela máis nosa, para dominala, para dominármonos nun presente futuro cargado de expectativas.

Alberte Momãñ

**C**antos máis

días do porco

mollando o contido visceral

coa suor esvarada

do rostro imberbe

aínda

da súa primeira vez

Alberte Momãñ

para min chegou o San **m**artiño  
os levantamerendas<sup>ec</sup>  
foron foder aos últimos campistas  
a *muscarina* camiña da man  
do seu síndrome  
pateando cerebros antihixiénicos  
docemente  
  
berro *nunca máis*  
na miña defensa  
pero levo as proteccións  
armando o corpo  
e a azafata en roupa de baño vermella  
vai anunciando o primeiro *round*  
  
xa estou deitado antes de comezar  
e expoño o meu corpo  
abertamente

---

□ *Crocus serotinus salisb.*

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

o fisco perségüeme

e o escaso unto dun *pata negra*

non dará para untar tanto

fágome entender

pero a comprensión é caduca

e as hostias teñen tan só

unha data de consumo preferente

os *gholpes* parécenme en mal estado

e reclamo a atención da oficina de sanidade

que se achega co coitelo polas costas

temo o peor

pero prefiro a ignorancia do futuro

que o *cognac* aderezándome os músculos

a miña carne ha estar no seu punto

pero mantendo a dignidade intacta

de ser posible

Falo para min cando debería calar, pero non o fago e desafogo antes de darme ao arrepentimento, que é case como un vicio xa, mais non por min, que procuro na sinceridade o meu consolo, senón polo mundo que non se abre á sinceridade achegada como un látego ás súas carnes.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**'a razón dóeme'**

**h**oxe vin o ceo

mirándome para os pés

e alí o estaba

véndome como eu nunca sería quen

de facelo

foi como descubrirme

despois de moito tempo

de ausencia

e doeume

doeume

porque cría soñar

que

sen máis

vivía para outro corpo

distinto

desta miña parte de outeiro

e río

e bágoa no río

descendendo

Hai momentos nos que a razón doe como a traizón, e un preferiría vivir nun soño, tan ausente como cómodo e vital, de ser posible a combinación de ambos.

Alberte Momãñ

**p**árome

agora sei o que é o silencio

e as costas dóenme

como doe a realidade

cando se soña

Parar a escoitar o mundo, para mesturarse nel e  
decatarse dos berros que profire, no silencio.



Alberte Momãñ

Cando son máis eu

vou durmir

e esquézome de todo

sen descanso

érgome e minto ao falar de min

sorrío

e procuro no traballo a soidade

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

*a todos ou a ninguén*

Co tempo o peor é

non sorrir

mancar

ollando no propio corpo as feridas

co tempo

Non hai bágoas, nin lamentos. Co silencio  
marcar unha desculpa obsesiva.

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

trazo co percusor da existencia  
unha morte  
nun bambán sobre un oco de grava  
o vento  
cando vén de fronte  
mirándome aos ollos  
e facéndome cóxegas  
  
córtame as unllas  
dos pés  
a evidencia evoluciona  
tamén  
dende a infancia  
olla para as miñas primeiras páxinas  
agora tamén eu me descoñezo  
morto son outro alguén  
sobre o bambán  
fitando para as nubes  
cando chove

**p**olo que morre  
mais non  
pero si  
sempre un pouco  
até desaparecer  
mentres considero  
cunha pregunta  
a súa existencia

Alberte Momãñ

### **Epílogo**

Existe sempre unha pretendida evolución nas cousas que se repiten no tempo.  
O escribir estes poemas foi unha, non meditada en exceso, compilación de situacións diferentes, vistas dende a subxectividade máis ou menos obxectiva, dependendo do momento.

Estou, unha vez máis, como deus me trouxo ao mundo, pero co desexo frustrado de sorrir aínda agora como daquela.

Como sempre que acontece, sorrir en todos os momentos na súa xusta medida, meditando tan só o necesario, e coa malsán impresión de recubrir a miña felicidade cun hálito finxido, como temendo non captar toda a dimensión do acontecido.

Agora só pretendo rir até manchar as páxinas cunha patética mestura de cuspe e bágoas, se cadra noutro momento relembre o instante e escriba un poema.

Sempre voso, apreixando a felicidade do tetra cannabinol

Alberte Momãñ

2º máis do mesmo

ou non

outras situacións posibles

e pasadas

Alberte Momãñ

Confinome

*nusrat fateh ali khan*

cómo máis

exclúome

e volvo máis para min mesmo

xa sei

sorrío

sorrimos

pero non dou a ler

até que conclúo a capacidade de odiar

cando podo desprenderme

de min mesmo

nun poema

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Cánto a min mesmo

fuxo e refugo(me)

ou non

mais dirán que non

dirán que non cumpre

que carallo dirán

eu direi

quen non

algunha vez

merda tamén é unha expresión

de muller

carallo non

pero

tamén é lícito

de perdoar eu

faríao

de non perdoar tamén

o faría

porque teño sentimentos

ou non

quen carallo

## Un poema de situación

Albete Momãñ

non o faría

chegada a situación

sei que o farían

coma min

e máis nada

pero dirán que non

porque son

merda

eu tamén

pero sufrirei

en silencio

porque a mellor expresión da dor é o silencio

creranme

se cadra cambien de parecer

tamén eu

pode que cambie

e falaremos

de todo

menos diso

porque non cumpre

eu seino

eles

tamén

pero eu máis



## Un poema de situación

Alberte Momãñ

só que non o digo

porque son cousas das que non se fala

mírame

vesme

cánto de min

ves

eu tamén

onte polo menos

hoxe é outro día

e mañá tamén

pero cando comas

lémbtrate

eu estarei alí como un reloxo

para dicircho

eles non

nunca están

pero non importa

a eles tampouco

digan o que digan

pero mañá é outro día

ti e máis eu estaremos

e o caso é non levar *gholpes*

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

sorrí e sae ben *ghuapa*

nunca se sabe

quen carallo pode estar mirando

sabe *dios* que merda

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Cando me arrastre

leme

por baixo das partes cubertas

que non teño desperdicio

segundo din

quen

xa non importa

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Cando corra

arrédate de min

non haberá por onde collerme

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Cando fique

bícame

eu tamén t...

o quero

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Consumo a sopa

cos ollos pechados

para poder dicir que non o fixen

cando me acusen

direi que non vin nada

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

na indecisión

aférrate a min

non é un xogo

pero cómpre comer

e durmir

moito

o resto non é descoido

tamén me gusta

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

se chamo

préndeme

cun misto

servirei de contrasinal

para o altofalante

quen sabe cantas horas haberá

aínda de espera



## Un poema de situación

Alberte Momãñ

Se non chamo

    lembra

despois esquece

e saúda unha cervexa

                    no teu nome

como sempre

    incluso antes

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**odio**

cruzar as pernas

e ficar

constrinxido

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

**c**ando vou cear

esquézome

cando volvo todo semella

diferente

vou durmir pensando

no que puido ser

**s**an **d**ios

**e**l **o**nanismo

Alberte Momãñ

Sempre gardo espazo

debaixo das liñas

por se algún día teño que agocharme

alí sei que a policía

non saberá como buscar

Alberte Momãñ

terceira e última das partes que noutrora esquecera lembrar antes de ir durmir, de saír  
cada mañá do ventre dócil que me fixo vibrar o día de todos os nacementos, os mesmos  
que na súa virtualidade nos fixeron soñar con outra realidade

Alberte Momãñ

condicióname

absolutamente

comigo as palabras

son pel de pexego

pene cargado de espantos

proxectil

sobre a cortesía elástica da carne

o alcol percorre ás veces a miña meixela

derrotado

sen poder evitar finxir ser outro

pero a un tempo

queimando todos os recursos que o fan a si mesmo

logo mira en derredor

buscando onde ocultarse

sabendo que o seu subconsciente busca compaixón

chorando aínda máis

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

pero en silencio cando non a atopa

o alcol bebe de min

atopa en min repouso e consolo

ás veces non me sinto o suficientemente forte

para negarlllo

e ambos vagamos polas rúas buscando un lugar do que asirmos

logo

deitámonos sen durmir

até que a dor de cabeza fainos esquecer

por un intre somos felices

até sentirmos a necesidade de ver de novo

o mundo

nese momento prefiro estar só

curándome de todos os males

e comeza doutra volta a súa pena

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

inquérito:

docemente nas liñas  
procura unha historia  
que fale da morte dunha diva  
relembrando todos os seus anos

resposta:

na pel de pexego

afondar

na pel de pexego

no pene armado de espantos

un proxectil

sobre a cortesía elástica da carne

migración

púrgate co estame de azafrán

sobre o claro escuro

o contorno mímbrico

subxacente



## Un poema de situación

Alberte Momãñ

dóeme esa pel en ausencia da miña  
faino falándome de canto perdín  
agora  
non podo máis que recrearme  
coa imaxinación posta sobre o seu corpo  
coas mans suxeitándoa  
libando do seu corpo a inspiración  
para novos poemas

hoxe non hai xa historias diversas  
á miña propia  
na que permanezo

hoxe  
máis que nunca  
agarimo a miña presenza  
recreándome no seu alento

Suspiro unha vez máis en silencio o día que morre tamén un pouco a poesía, a música e o honor de servilas a ambas nunha soa. Morre quen eu apreciara nos meus versos como a min mesmo, morre a forza do erotismo arrincado do arco dun violín, a fermosura dos

## Un poema de situación

Alberte Momãñ

silencios, a raizame das palabras e do seu canto, morre canto fomos e seremos quen de amar.